

¿Alcoholismo en Galicia: un camiño sen esperanza?

JOSE M^o FOLGAR DE LA CALLE, RITA MARTÍN SÁNCHEZ

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

O alcoholismo en Galicia é un mal endémico, polo que os enfermos non son considerados marxinalizados. Os dous filmes que comentamos tentan chamar a atención e concienciar á sociedade sobre o carácter atípico deste problema.

Palabras chave: Alcoholismo. Cine galego. Enfermidade. Terapia. Violencia.

ABSTRACT

The alcoholism in Galicia is an endemic illness, reason why the patients aren't considered marginalized. The two films that we commented, try to call the attention and to make the society aware of the atypical nature of this problem.

Keywords: Alcoholism. Galician cinema. Illness. Therapy. Violence.

*Planchet. (...) Bajad a casa de mi casero, el señor Bonacieux, y decidle que nos envíe media docena de botellas de vino de Beaugency!; es el que prefiero.
¡Vaya! ¿Es que tenéis crédito con vuestro casero? preguntó Porthos.
-Sí- respondió D'Artagnan-, desde hoy. Y estad tranquilos, que si su vino es malo, le enviaremos a buscar otro.
-Hay que usar y no abusar-dijo silenciosamente Aramis.
Alejandro Dumas, *Los tres mosqueteros*. Trad. de M. Armiño, Círculo de Lectores, Barcelona. 2003, páx. 23.*

1 Beaugency é unha poboación que está perto de Orléans, á beira do Loira.

Llevo muchos años de complicidad con el tabaco y el alcohol: supongo que me estarán matando, pero les agradezco su parsimonia en el asesinato y que mientras tanto me entretengan. También puedo decir lo mismo de la simpática marihuana, porque un porrito antes de irse a la cama con alguien grato sigue haciendo maravillas incluso a edades propectas como la mía. En cambio a otras les tengo más respeto.

Fernando Savater, *Mira por dónde. Autobiografía razonada*. Madrid, Taurus, 2003, pág. 210.

1. BREVE PERCURSO SOBRE O ALCOHOLISMO NO CINEMA OCCIDENTAL

En 1902, cando Ferdinand Zecca realizaba para a produtora Pathé, entre outros títulos, dous tan diverxentes como *Vie et Passion du Christ* e *Les Victimes de l'alcoolisme*, vemos que o tema que nos ocupa entra con forza nun incipiente cinema de ficción. A cinta, que ten a súa orixe en *L'Assommoir*, novela de Émile Zola², pretendía advertir acerca dos perigos derivados do consumo excesivo de alcohol nos obreiros franceses.

Andando o tempo, en 1909 David W. Griffith realizou *A Drunkard's Reformation*, onde introduce a degradación do entorno familiar dun enfermo alcohólico que “se redime” a partir do seu encontro cun predicador.

Mentres nos filmes nomeados, e en moitos outros similares, nos primeiros tempos do espectáculo cinematográfico, o alcoholismo é tratado coma un vicio que hai que erradicar por diversos motivos (no fundamental, polo baixo rendemento dos traballadores), os puntos de vista van mudar, cando o cinema empeza a desenvolver un modo de representación propio.

Destá maneira, o alcohol estará presente, por exemplo, en boa parte das películas do oeste³, en personaxes coma os médicos, os axentes da lei ou os cazarrecompensas, entre outros⁴.

Xa rematado o período clásico do cinema ianqui, atopamos algún caso máis comprometido como os matrimonios protagonistas de *Days of Wine and Roses* (B. Edwards, 1962) e *Who's Afraid of Virginia Woolf?* (M. Nichols, 1966). No cinema europeo de hoxe, non poucos cineastas como o británico Loach, o francés Tavernier ou os españois Armendáriz e Zambrano, teñen un maior compromiso con relación a este tema, posto que presentan un cinema de ficción cunha clara vocación social, o que está patente en filmes

2 O prolífico Zecca vai dirixir, ó ano seguinte, *La Grève*, tamén sobre outro relato de Zola, *Germinal*. En 1911, A. Capellani, asimesmo para Pathé, volve sobre o relato literario, desta vez co seu título literal, *L'Assommoir*.

3 Sen esquecer outros xéneros coma o bélico ou o cinema de aventuras.

4 Sirvan como exemplo o personaxe do Dr. Boone, encarnado por Thomas Mitchell en *Stagecoach* (J. Ford, 1939) ou o sheriff Dune, ó que deu vida Dean Martín en *Río Bravo* (H. Hawks, 1939). Conscientemente non entramos na lista de cineastas que tiñan persoalmente, non só ficcionalmente, este problema, como, por seguir no cinema anglosaxon, Spencer Tracy, Richard Burton, Elizabeth Taylor, Judy Garland, Peter O'Toole, John Ford, ou a saga dos Barrymore. Por outra parte, nun dos relatos máis difundidos, a Biblia, atopamos unha antiga referencia ó alcohol e ós seus efectos: “Noé, que era agricultor, plantó la primera viña. Bebió su vino, se emborrachó y se quedó desnudo dentro de la tienda”, Génesis, 9, 21-22, en *La Biblia*, ed. La casa de la Biblia, Madrid, 1999, 5ª ed.

como son, respectivamente, *My Name is Joe* (1991), *Ça commence aujourd'hui* (1999), *Historias del Kronen* e *Solas* (1998). Polo que se refire ó cine contemporáneo relacionado con Galicia apuntamos a presenza do tema nos personaxes de escritor/Fernando Guillén en *Martes de carnaval* (P. Carvajal, 1991), Ana/Adriana Ozores en *Cuando vuelvas a mi lado* (G. Querejeta, 1999), “Gorrión”/Manuel Manquiña en *Lena* (G. Tapia, 2001), Amador/Celso Bugallo en *Los lunes al sol* (F. León de Aranoa, 2001)⁵.

Pero nós non imos ocuparnos destas obras, que tiveron unha distribución ordinaria, senón de dous casos non comerciais: *Alcoholismo en Galicia/Condenados a beber e Esperanza*.

2. CONDENADOS A BEBER

2.1. A orixe

O director desta cinta é o valenciano Llorenç Soler quen, nos primeiros anos da transición política, realizou en Galicia varias obras documentais vencelladas a diversos aspectos da nosa comunidade⁶. A traxectoria galega de Soler vén recollida en dúas publicacións: *Llorenç Soler dunha beira a outra* e *Los hilos secretos de mis documentales*⁷.

Soler chega a Galicia a través da súa relación co arquitecto catalán S. Tarragó quen daquela (verán de 1976), residía en Compostela. O seu primeiro traballo será un documental sobre unha pequena comunidade xitana que vivía en Poio (Pontevedra), nunhas casas construídas por César Portela. Nese mesmo ano, para o Colexio de Arquitectos de Galicia, vai filmar a súa segunda obra galega, *Seminario de arquitectura en Compostela*, na que mixtura o rexistro das discusións e ponencias do seminario que tivo lugar a finais de setembro e principios de outubro, con imaxes da cidade e das súas xentes.

Nos meses de xullo e agosto de 1977 vai facer *Autopista, unha navallada á nosa terra* por encargo dunha coordinadora de afectados pola construción da infraestrutura, da que eran membros Portela e Tarragó. Tamen nesas datas levou a cabo *Antisalmo*, reflexión sobre a relación das igrexas co poder político, que está baseada nun poema

5 Os obreiros do filme de León Aranoa teñen como “club social” o bar que montou un dos seus compañeiros, coa indemnización polo despido. No campo televisivo, en tres series galegas, *Pratos combinados*, *Mareas vivas*, *Terra de Miranda*, (respectivamente das produtoras, Editorial Compostela e Voz Audiovisual) os bares xogan un papel preponderante nas narracións. Por outra parte, *Rías Baixas* (productora Costa Oeste e Zenith Multimedia) conta os avatares duns produtores vinícolas da comarca do Salnés.

6 Serán os títulos *Seminario de arquitectura en Compostela* (1976), *Gitanos sin romancero* (1976), *Autopista, unha navallada á nosa terra* (1977), *Antisalmo* (1977), *O monte é noso* (1978). Para a traxectoria do director, ver a súa entrada en J.L. Borau (dir.), *Diccionario del cine español*, AACCE/AE/FA, Madrid, 1998, onde non se nomea o filme que comentamos.

7 A primeira foi editada en 1994 polo Centro Galego de Artes de Imaxe, e é o catálogo correspondente a un ciclo monográfico sobre a súa obra. A segunda podemos definila como un libro de memorias biográfico-cinematográficas, editado en Barcelona no ano 2002 por CIMS 97/MIRAC.

homónimo que escribira uns anos antes⁸. En 1978 inicia o traballo que imos considerar, que “fué conocido bajo los títulos de *Alcoholismo en Galicia* o *Condenados a beber*, más aséptico el primero, con más carga ideológica el segundo”⁹.

O proxecto contou con tres puntos de partida: por un lado, Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, que levaba a cabo unha campaña de prevención da enfermidade de alcohólica; por outra banda, a unidade de tratamento antialcohólico (en adiante UTA) dependente do departamento de Psiquiatría do Hospital Xeral de Galicia, e o cineasta Llorenç Soler.

En palabras do profesor Carlos González Borrás, a xénese do filme foi a seguinte:

Como consecuencia de una preocupación por hacer prevención sobre el alcoholismo a nivel poblacional, (...), se pensó en hacer un audiovisual con unas diapositivas y un comentario. Para ver cómo funcionaba eso, se hizo un intento de pasar una película que entonces había y que lo contaba. La película la tenía, me parece que Cáritas. Hablaba un poco de la organización de la sociedad: había una isla vacía, de repente entraban unas personas, esas personas tenían problemas de convivencia, se generaba una policía, y un poco se explicaba cómo se montaba la sociedad. Yo se la pasé a un grupo de terapia. Me comentaban que lo que había en la película esa era el hígado, que se destruía porque se le echaba alcohol y las células se peleaban entre sí. Me quedé perplejo. Todavía lo explico en clase, porque no entendía cómo es que unas personas, a la vista de aquellas imágenes, podían deducir algo que no tenía absolutamente nada que ver con lo que se veía.

En vista del fracaso se pensó en hacer una cosa que fuese nítida y transparente. Entonces estaba aquí una persona, una fotógrafo [Anna Turbau] con Lorenzo Soler. Comentando todo esto con un residente que teníamos, también muy preocupado por esas cosas, conectamos con Soler. Cáritas, por su parte, se prestó (dentro de un programa que llevábamos con ellos) a financiar la posibilidad de hacer prevención a través de una película que construyera Lorenzo. Y nos pusimos en marcha con la intención de conseguir una película que se pasara en diferentes parroquias, en diferentes lugares para informar sobre lo que es el alcohol y cuáles son las consecuencias de la ingesta de alcohol. Fue utilizada durante años en distintas parroquias y lugares cercanos a Santiago. Fueron muchas parroquias. Curiosamente en algunas de ellas, concretamente en dos al acabar, el párroco del lugar nos invitó a tomar vino sin alcohol... Era vino casero, que hacían ellos y, ese, “no tenía alcohol”... Era imposible hacerle entender que todos los vinos, si son vinos, tienen que tener alcohol, si no, es mosto. Pero era muy curioso lo que dijo, que no tenía alcohol, que no le echaban alcohol. También era un poco decepcionante ver que, después de pasar la película, te dijese una barba-ridad como esa.(...) Esto duró aproximadamente unos ocho o diez años¹⁰.

8 A meirande parte do texto poético está recollido na páxina 85 de *Los hilos secretos de mis documentales*.
9 Ll. Soler, *Los hilos...*cit., páx. 86.

10 Entrevista ó profesor Carlos G. Borrás da facultade de Medicina da USC, o 9 de febreiro de 2004. Carlos González Borrás, Santiago Agra e Pedro Brañas Tato presentaron nun simposio celebrado na Coruña en 1979 unha comunicación sobre “Una experiencia de abordaje comunitario en la prevención y tratamiento del alcoholismo”, recollida en J.M. Lado Romero, J.L. Montoya Rico (coords.) *Experiencias de psiquiatría en la comunidad. Informe de un simposium*. La Coruña, Diputación Provincial, 1980, páxs. 75-84.

2.2. A produción

Segundo o director, o financiamento do filme foi asumido na súa totalidade por Cáritas, que quere, dalgún xeito adaptarse, en 1978, ós novos tempos, alonxándose da súa actuación nos anos do franquismo:

A contradicción en que está sumida Cáritas aboca a este organismo a comprometerse nunha empresa que, a priori, parece traspasar as súas posibilidades actuais. Pero o esforzo págalle a pena para seguir mantendo o seu status, hoxe case insostible, ante a necesidade de cuestionarse a súa función social. Cáritas trata, a través da financiación da película, de perpetuar-la súa imaxe pública de benfeitora, apoiándose nun medio de comunicación de masas tan mitificado e tan gratificante como é o cine (...) para Cáritas a película é, fundamentalmente, un xeito novo e espectacular de incidir publicitariamente naqueles sectores que conveñen ós seus intereses e que non son, precisamente, os presuntos destinatarios da película. Nas letras grandes ó principio e ó remate da cinta pregoará a tódolos ventos a paternidade do filme. As mezuquindades cotiás quedarán, de súpeto, borradas tralo luminoso brillo da pantalla na sala escura. Co orzamento da película poderíanse aliviar –segundo o seu esquema caritativo de actuación– moitas “inxustizas”, pero Cáritas prefire o espectáculo de aparencia, aínda a forza de renunciar, en parte, á súa “sagrada misión” de parchear-lo corpo rachado dunha sociedade que non é eminentemente “inxusta” como eles crén, senón que se trata dunha estrutura de clases cos seus antagonismos irreductibles¹¹.

2.3. A voz en off do filme e as intervencións dos afectados

Cáritas Diocesana deixou ó equipo da UTA e a Soler completa liberdade para a organización do filme. O resultado acadado é froito do traballo conxunto do equipo médico e do director valenciano, quen elaborou o texto definitivo¹² e manexou a cámara nas filmacións. Nun monográfico como o que nos ocupa, dado que non existe edición do guión e posto que está realizado a partir de experiencias e testemuñas reais, consideramos imprescindible a súa reprodución, que foi obtida a partir da audición da copia en video que empregamos¹³. Outra razón da edición deste texto é que pensamos que pode constituír un documento de traballo para a contextualización non só social, senon científica, do problema do alcoholismo.

11 L. Soler, “Condenados a beber, reflexións sobre unha práctica cinematográfica”, en *Llorenç Soler dunha beira a outra*, cit. páx. 47

12 “El guión se discutíó. Primero hicimos nosotros uno con lo que queríamos y luego él, desde un punto de vista más artístico nos planteó otras modificaciones. Insistimos en algunos aspectos que tenían que estar en la película, eso sí, pero fue una cosa discutida entre él y nosotros”, C. G. Borrás, *entr. cit.* “El equipo médico que me asesoró y yo compartimos la misma visión del problema. Desde el primer momento, hubo un entendimiento total y una gran colaboración. Yo ya conocía el problema y estaba bastante sensibilizado, porque tres o cuatro años antes había realizado en Barcelona otro documental titulado “La enfermedad alcohólica”. Dá resposta por correo electrónico de Soler a un cuestionario, o 25 de marzo de 2004.

13 Polo estado un tanto deteriorado da copia que dispoñemos (da mediateca da facultade de Ciencias da Información da USC) non podemos reproducir completamente o texto. As ausencias quedan marcadas coas correspondentes parénteses.

Voz en off (en diante **VO**).- Con catorce litros anuais de consumo de alcohol¹⁴, en una ciudad cualquiera de España, entre estas personas que vemos, aproximadamente una de cada diez es un enfermo alcohólico. Pero, ¿es esa persona consciente de su enfermedad?, ¿es consciente toda la sociedad de la gravedad de este problema? Esta película trata del problema del alcoholismo específicamente referido al país gallego (...)

Galicia es un país que subsiste principalmente a expensas del campo, una gran parte de su población vive de la explotación de sus propios recursos agrícolas y ganaderos que autoabastecen sus necesidades. Para la población asentada en las zonas costeras, la pesca constituye otro recurso de la población. Sin embargo, el desequilibrio en la planificación del desarrollo gallego es evidente... Mientras por una parte se imponen al país un tipo de industrias propias del capitalismo avanzado, por otra se desatienden las necesidades de la economía campesina, lo que empobrece a la mayor parte de su población, obligando a emigrar a sus habitantes¹⁵.

En Santiago de Compostela y sus alrededores se encuentran 800 puntos de venta y distribución de bebidas alcohólicas. Por el contrario sólo existen 2 bibliotecas públicas, 5 cines, ningún teatro y un único centro polideportivo¹⁶.

A pesar de la extensión de esta enfermedad, en el Hospital General sólo se trata un porcentaje ínfimo sobre los afectados en su zona de influencia¹⁷.

Paciente 1^o (P1).- “Ao bocadillo aproximadamente, según el turno que me tocara bebía medio litro o algo máis, lojo deixaba o outro na taquilla e cando iba o váter ou se non ía, facía que iba e bebía o resto. Eu nunca pensei que o viño me fixese daño, como chegou un extremo que agora lles vou decir que me fixo”¹⁸.

(VO). El alcohol es sencillamente una droga, una droga dura, tan peligrosa por ejemplo como los barbitúricos. Un litro de vino contiene una décima parte de alcohol puro; un litro de coñac o de licor puede llegar a suponer medio litro o más de alcohol puro; la cerveza supone un seis por ciento de alcohol; la sidra contiene un tres por ciento. El alcohol es un veneno, una droga totalmente

14 Como presentación sonora á voz en off hai na banda de son uns cantares tabernarios. Este fondo musical volverá aparecer en ocasións “aparentemente” lúdicas dúas veces máis.

15 A práctica fílmica de Soler vai consistir en acompañar regularmente á voz en off con planos curtos que recollen imaxes moi diversas. Neste primeiro fragmento, ou *prólogo*, se suceden por esta orde imaxes dun home deitado, a páxina dun xornal con información sobre o consumo de alcohol, a compostelana rúa do Franco –tradicional rúa dos viños da cidade– chea de xente, imaxes do rural, dun peirao e chemineas da industria de celulosa da rúa de Pontevedra e novas imaxes rurais. A segmentación que se presenta procede dunha interpretación que nós ofrecemos do decurso do filme.

16 Cunha estrutura contrastiva, as imaxes deste fragmento mostran un plano xeral de Santiago, un rótulo dunha casa de bebidas, primeiros planos de botellas e publicidade; sobre a barra dun bar, planos detalle de vasos que se van enchendo para rematar cun plano de bebedores que cantan. Conviremos en chamar a este fragmento *O estado da cuestión*.

17 Con estas verbas comeza o apartado que etiquetamos como *A enfermidade: a súa toma de conciencia*. As imaxes seguen o seguinte decurso: plano do exterior do Hospital Xeral de Galicia (na rúa de Galeras, nesas anos); primeiro plano de P1; xarra e cuncas de viño; pp dun home tirado nunha rúa, gráfico da porcentaxe de alcohol puro por tipo de bebida (viño, coñac, cervexa e sidra), camión de reparto (da marca Viñalar, un viño de mesa “fabricado” en Betanzos); plano detalle de carteis de dous locais de Santiago (bar Negreira, na rúa do Vilar; e bar Miami, na rúa do Dr. Teixeiro); exterior dun edificio do “ensanche” compostelán, e pp de P2. O seguinte paciente vai ser introducido cunha imaxe dunha cómoda cunha foto familiar; plano de P3. Antes de que P4 expoña a súa situación, a cámara percorre o interior dunha vivenda, que supoñemos sexa a do entrevistado. P5 vai ser presentada (e a única muller de tódolos enfermos) case da mesma maneira que P4. Despois dun plano dun peirao dunha rúa, temos a testemuña de P6, que está acompañado dunha cativa.

18 Procuramos reproducir-la dicción dos entrevistados, respectando as súas peculiaridades idiomáticas.

permitida y de fácil adquisición. A su sombra, mientras algunos negocian y se enriquecen, otras personas se destruyen.

Paciente 2º(P2).- “En aquel entonces tomábamos exclusivamente vino, un vino flojo, ribeiro, y no parecía que produjese mayores efectos, aunque, clarísimamente, fue lo que luego hizo que aumentásemos la dosis y que, en definitiva, a mí llegase a causarme muchos problemas el alcohol. No hubo ninguna razón especial, tipo alguna desgracia que me condicionase a beber, que yo quisiera escapar de alguna cosa, no, sencillamente el hábito social que se favorecía y se favorece, en aquel entonces, al no existir tampoco muchas maneras de ocupar los ocios de las personas que están en esas edades”.

Paciente 3º(P3).- “Yo empecé a beber cuando fui para el cuartel. Antes de ir al cuartel, ni bebía ni fumaba. Luego al ir al cuartel pues sí, empecé a beber y la cosa pues empezó a ir a peor”.

Paciente 4º(P4).- “Yo empecé a los 14 años ¿sabe usted?. Cuando empecé a trabajar yo iba con mi padre a donde iba él, a cualquiera tasca y bibía con él, pues igual. Si bibía coñac, pues coñac, si bibía aguardiente, aguardiente, si bibía vino, pues vino, si bibía tinto, pues tinto. Y claro, después, al seguir trabajando, aún bebía más. Y después, cuando empecé con los compañeros, pues, vaso aquí, vaso allá, seguía a beber, o sea, seguía bebiendo pero me iba encontrando muy mal”¹⁹.

Paciente 5º(P5). “Yo empecé a beber después que me casé, porque mi marido también bebía. Y entonces como estuvimos tanto tiempo por ahí, por el extranjero, y no tuvimos hijos de momento, pues bebíamos lo mismo los dos. Y después, él murió a consecuencia de la bebida. Y entonces yo seguí bebiendo también”.

Paciente 6º(P6).- “Pues ya de pequeño, tendría nueve años, cuando empecé a trabajar y después en el trabajo, pues nos daban. Íbamos a vender a Cambados y nos daban un pedazo de pan y un poco de caña mezclada con jerez, y a trabajar otra vez. Y así poco a poco creo que empezó en mi vida el beber”.

(VO)²⁰.- Respondiendo a la estructura socioeconómica del país gallego, una gran parte de los enfermos alcohólicos tratados en los centros hospitalarios y psiquiátricos de la zona pertenecen al medio rural. Debido a la falta de una estructura sanitaria adecuada y a la diseminación de su población, resulta difícil detectar y tratar la enfermedad, más aún, cuando el cultivo de la vid y el consumo de vinos y aguardiente forman parte de la tradición cultural y de los hábitos y costumbres sociales del labrego.

Existen zonas agrícolas donde se desarrolla especialmente la producción vinícola, tanto en minifundios que abastecen las necesidades de una familia, como en zonas de cultivo más extensivo destinadas a una producción industrial de escala media. En todo caso, el vino está siempre presente en la realidad cotidiana del labriego.

La bodega constituye un espacio muy importante dentro de la casa campesina, en ella se conserva durante todo el año el vino destinado al propio consumo familiar, favoreciendo de este modo el acceso a las bebidas alcohólicas y, especialmente, al vino y al aguardiente²¹.

19 Dunha maneira semellante a P1, respectamos as dobres formas fonéticas dunha mesma verba.

20 Ó remate das palabras de P6, no bloque no que cada un dos entrevistados expón por primeira vez o seu caso, empeza outro que nós definimos como *Descrición do medio*, que o director vai tratar en tres localizacións: rural, mariñeira e urbana. Na rural, hai planos de traballos agrícolas, que nos levan ó interior dunha adega, onde un home enche unha xarra de viño dunha pipa. Na segunda, o filme presenta imaxes de gaivotas, de traballos pesqueiros nun peirao, dunhas tabernas portuarias, e de barcos de pesca de altura. Vai ser neste marco iconográfico onde aparecen P7 e P8. Na urbana, hai imaxes fácilmente identificables coa cidade de Santiago de Compostela (planos de operarios nun edificio en construción, saída dunha misa (¿de día festivo?) da catedral.

21 “El consumo de alcohol está fuertemente enraizado en una cultura vitivinícola como la gallega: existen una serie de ritos, fiestas, romerías y otros ceremoniales de exaltación al culto del “Dios Baco”; también, una serie de mitos y costumbres sociales favorecen y potencian aún más el consumo de alcohol.

El segundo sector de la población gallega²², el dedicado a la pesca, presenta el origen del problema de otro modo. La dureza de su trabajo empuja a estos hombres a buscar en el consumo del alcohol un falso alivio. En la pesca de bajura la taberna representa, además de un lugar de evasión, un centro de relación con otros compañeros. En la pesca de altura²³, los largos meses de alejamiento familiar, la limitación del espacio físico y la soledad del individuo inducen al consumo de bebidas alcohólicas a bordo, lo cual es, incluso, favorecido por los mismos armadores para cortar cualquier brote de descontento y empujar a estos hombres a un trabajo intensivo.

Paciente 7^o(P7). “Todavía en el trabajo incide muchísimo, porque es una cosa que el hombre con el alcohol no trabaja. Trabaja el alcohol y entonces yo pienso que para trabajar el hombre debe de estar normal. Es una cosa que, si está con el alcohol no hace las cosas normal, porque no puede ser, no está capacitado, no está como para trabajar, y sin embargo sin el alcohol hará menos pero trabaja normal”.

(VO).- Para el pescador de bajura, un día de temporal significa un día sin trabajo, una alteración importante de su ritmo de vida. La taberna será, exclusivamente, el lugar que ocupe sus largas horas de ocio.

Paciente 8^o(P8).- “Yo bebía fuera del trabajo muchísimo y en el trabajo mismo. Pues, cuando había por ejemplo una descarga, trabajo fuerte, pues el mismo empresario en vez de traer la merienda si el trabajo era fuera de horas, pues mandaba a buscar un garrafón de vino, y con el garrafón de vino pues ya se trabajaba sin ver, sin saber si se salía a una hora o a otra. Y al empresario no le importaba saber si el vino era bueno o malo, lo que le importaba es que el trabajo se le terminara sin problemas ni reproches”.

(VO).- En el área geográfica donde se localiza este film, la población industrial es una cantidad prácticamente mínima. Solamente la construcción absorbe una cantidad de mano de obra considerable. Este sector, junto con la agricultura y la pesca, es el que tiene el mayor número de enfermos alcohólicos en esta comarca.

Al estar presente esta droga de un modo tan habitual en la vida corriente, afecta, por igual y en la misma proporción, a todos los niveles sociales. La generalización de su uso afecta a todas las clases y también, por supuesto, a las de mayor nivel económico o cultural.

P2.- “El darse cuenta de que el alcohol ha puesto enfermo a uno, creo que es muy difícil. En mi caso, por lo menos, yo no tuve nunca conciencia de estar enfermo, sino sólo de tener una costumbre, una mala costumbre si se quiere, pero perfectamente controlada y de que en cualquier momento podía prescindir del alcohol. Esto no era así como me han demostrado los hechos posteriormente”²⁴.

atribuyéndole propiedades medicamentosas, como alimento nutritivo básico (incluso se daba a niños), etc. La convivencia cotidiana y el uso reiterado de diversos tipos de bebidas alcohólicas por la gran mayoría de nuestra comunidad, y la lejanía histórica de su integración en nuestra cultura, han contribuido a generar un ambiente de gran permisividad y tolerancia social, tanto hacia el uso de los diferentes alcoholes como hacia las consecuencias de su ingesta”, A. Lorenzo Lago, I. Carrera Machado, “Las estrategias de reducción del daño en alcoholismo” en J. A. García-Rodríguez y C. López Sánchez (coords.), *Manual de estudios sobre alcohol*. Madrid, Edaf, 2001, páxs. 294-295.

22 O que segue ata o final do parágrafo está recollido, xunto con outros tres pequenos cortes máis, en L. Soler, *Los hilos...*, cit. pág. 88.

23 O realizador Ricardo Llovo, na súa curtametraxe *Xinetes na tormenta* (2001), sobre a vida nun barco de pesca no Gran Sol, mostra a continua presenza do alcohol (whisky, viño común en cartón) na rutina cotiá da súa tripulación.

24 As verbas de P2 serven, en certa medida, de corolario ó que ata agora foi mostrado, e deixan paso ó seguinte estado do proceso: as eivas físicas e sociais que produce. Desta maneira, o bloque que agora comeza chamámolo *A enfermidade: as súas consecuencias*. Planos didácticos acompañan, en paralelo á VO, a xeira dun alcohólico dende que se esperta ata que chega á taberna. P5, P6, e as mulleres de P3, P4 e P6 relatan os graves problemas derivados da enfermidade. Tódalas mulleres inciden no compoñente de violencia doméstica dos alcohólicos. Este bloque remata cunhas imaxes en sepia de pp de homes nunha taberna.

(VO). Temblor de manos, náuseas al levantarse, vómitos, mareos son algunos de los síntomas que informan de alteraciones físicas que afectan al enfermo. Estos síntomas cesarán al ingerir la primera toma de alcohol, lo que evidencia una dependencia física que irá aumentando progresivamente, hasta originar graves lesiones en el organismo, que frecuentemente se atribuyen a otro tipo de enfermedad, pero no al alcohol. En segundo lugar se producirán trastornos en la conducta del individuo, que afectarán a su vida familiar y a sus relaciones laborales y sociales.

P5.- “Bueno, cuando bebía me olvidaba de todas las cosas. Y entonces, pues no me preocupaba cosa ninguna. Por eso lo he pasado muy mal. Mientras que bebía estaba muy mal, siempre disgustada, siempre triste y siempre con dolores de aljuna cosa, dolores de estómago o de cabeza...y, lo he pasado muy mal”.

P6.- “Cuando bebía era una persona bastante mala, porque incluso, cuando yejaba a casa y, si no había motivos para berrar con mi señora, los buscaba y empezaba a berrar. Incluso le yejé a pejar. No muchas veces, pero unas cuantas, y así era malo con la bebida”.

Muller de P3.- “Pues muy mal, la familia muy mal (...) porque no respetaba ni a su madre, ni a su suegra, ni a los hijos. Era una persona loca. Yo creo que no se daba cuenta de nada de lo que hacía, ni si tenías dinero, si no lo tenías, si bebía, si no bebía... Al contrario, o sea, siempre pensaba que te llegaba, que tenías de sobra, y entonces maltrataba a los hijos, me maltrataba a mí... y ya te digo, yo las pasé muy mal, muy mal desde el momento en que empezó a beber. Era un hombre que no era de mucha cantidad de bebida, ni de copas, ni de cosas así... Pero le hacía efecto enseguida y llegaba a casa y me maltrataba, maltrataba a los hijos. No se daba cuenta que la mujer trabajaba día y noche, para poder ayudar y para poder comer un poco. Ya digo, no había cariño ni poco ni mucho”.

Muller de P4.- “Yo es que nos trataba muy mal en casa, me maltrataba mucho. Nos quería pegar a los niños, a la mayor, a mi hija la maltrataba mucho... Y entonces no había una comida tranquila en casa. Siempre, a la mañana, a la noche, a todas las horas era imposible de poder aguantarle, hasta por la noches estaba hasta las dos o las tres de la mañana dale, dale. Es que era imposible de aguantar este hombre. Yo siempre dije que prefería que me lo internaran en un sanatorio, porque no se podía vivir con él”.

Muller de P6.- “Cuando bebía era una fiera, no se podía llevar, era muy malo, se hacía muy malo... Venía, a lo mejor entraba por la puerta, y ya se dirigía a mí con mala cara y eso, y a veces me jolpeaba, y eso, con la que traía. Y a lo mejor yo, a veces, le decía, le llamaba borracho y eso, y entonces era cuando se ponía más bravo todavía”.

(VO)²⁵. Hay una serie de creencias y tradiciones culturales sobre el vino que están firmemente asentadas en todo el país²⁶. El frío del invierno tradicionalmente se combate con la ingestión de

25 A VO comenta os planos que compoñen o bloque *Alcoholismo, unha enfermidade social*, que asenta sobre tres bases: a tradición, a publicidade, a taberna. Para a tradición, o director escolle imaxes de campo en inverno, alternadas con outras de distintas bebidas, ata chegar á queimada. Por outra parte, a tradición da inxesta de alcohol comeza na infancia. Dibuxos infantís sobre a presenza do alcohol na súa vida cotiá comparten lugar con planos de nenos xogando e traballando, manifestación da súa dobre condición de vítimas e de iniciados. O apartado da publicidade está fragmentado en planos curtos, que encadean diversas marcas de alcoholes, no que se inclúen imaxes de publicidade televisiva, e novas imaxes dunha rúas de viños e carteis de tabernas e de escaparates con bebidas. Mentras discurren estas últimas imaxes, a voz de P2 explica o seu punto de vista sobre esta situación. Na derradeira base, a taberna, volve a VO que fai contrapunto a imaxes de varios locais.

26 “Esta integración del vino en la cultura popular gallega (...) se manifiesta de una manera rotunda en el refranero, quintaesencia del sentir popular de cualquier comunidad: “Nin pota sin touciño, nin xantar sen viño” (...) “Despois do caldiño, bota sempre un traguíño, non de auga, senon de viño” (...) “Cando empeces a comer, acórdate de beber” (...), “Disfruta, come e bebe, e despois que o demo te leve” (...) El tópicus del vino como energizante está también ampliamente representado en el refranero: “Con pan

bebidas alcohólicas que proporcionan una cierta sensación de calor. La “queimada”, compañera de fiestas y reuniones, está muy arraigada en la cultura del país gallego. Esta bebida se elabora básicamente con aguardientes de muy alta graduación. No es extraño, pues, que ya desde la infancia sea un hecho real la familiaridad del hombre con el alcohol. Es costumbre dar a los niños bebidas alcohólicas durante las comidas puesto que se considera que despiertan las ganas de comer, favorecen el crecimiento, aumentan la fuerza y proporcionan calorías. Las consecuencias de todo este conjunto de creencias son particularmente graves.

La sociedad no ofrece a los pequeños unos espacios libres para sus juegos infantiles: no existen centros recreativos, ni campos deportivos de libre acceso que ocupen las horas de ocio juvenil. Una deficiente planificación escolar y profesional empuja a estos jóvenes a trabajar a edades muy tempranas. Todo ello provoca las condiciones idóneas para empezar a frecuentar la taberna.

Las invitaciones a beber son constantes. En los medios de comunicación de masas la publicidad fomenta el gran montaje industrial creado alrededor del alcohol²⁷. Las empresas productoras de alcohol multiplican sus beneficios, la hacienda pública grava la producción de bebidas alcohólicas con impuestos que significan siete mil millones de pesetas anuales, pero que no revierten en una sanidad pública que cubra específicamente al enfermo alcohólico.

P2.- “Respecto a la comercialización del alcohol, es la gran permisividad que existe para su venta, es decir, el control completamente nulo de quienes son los consumidores de ese alcohol, en qué edades se encuentran. La cantidad de puntos de distribución que tiene el alcohol, que es terrible. La publicidad y la permisividad son para mí dos puntos negros, negrísimos, en la comercialización del alcohol y, por supuesto los industriales productores de alcohol -y me refiero ahora y antes a los productores a gran escala, naturalmente- yo creo que hacen todo lo posible para que esto siga así, y para que en definitiva sus ventas crezcan cada día más y enriquezarse ellos de una manera que no considero adecuada.”

(VO).- Por otra parte, la sociedad en su organización actual favorece la incomunicación, el individualismo y la insolidaridad. El hombre encontrará en el alcohol una gratificación que no encontrará en otros aspectos de la vida, una falsa ayuda que le hará más soportable su realidad...

El alcoholismo es una enfermedad social. No se concibe un encuentro entre amigos, una celebración, una fiesta cualquiera sin la presencia de las bebidas alcohólicas como vehículo de relación.

e viño ándase o camiño” (...) No falta, desde luego, el tópico de lo saludable que resulta el vino: “Boa saúde e sin beber, non pode ser”, A. Rodríguez López, I. Salazar Bernard, “Antropología del alcoholismo en Galicia”, en E. Becoña, A. Rodríguez, I. Salazar, *Magister en Drogodependencias. Drogodependencias. II. Drogas legales*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, 1995, páxs. 23-24. Unha colección popular. “O moucho”, de edicións Castrelo de Vigo, publicou en 1968, nos seus primeiros números, dous títulos: *Refraneiro do viño. 505 sentenzas recollidas do pobo*, No seu limiar, os editores din que “Repártimos o presente REFRANEIRO DO VIÑO en dez cabidos, con ánimo de suliñar as diferentes motivacións que se dan encol do seu cultivo, uso e abuso. Non sempre resulta doada a clasificación, pois os temas entrelázanse mutuamente en moitos casos. Refran hai que cabería axeitadamente en dous ou tres apartados distintos. Confiamos, con todo, que a colleita eiquí mostrada seña grada aos lectores, polo seu fresqueiro engado, a ledicia sana que dela se desprende e, aínda, polos bos consellos que nos dá arredor dos labores do viño. En verdade, pódese dicir que temos eiquí todo un tratado de viñateiro, ditado polas sabencia secular dos labregos. E no tocante aos usos e abusos do viño, tamén hai que se conte. Lédeo, pois; dependede nel, e divertídevos”. Nese ano, foi asimesmo publicado *Cantigas do viño. Seguidas de recitados, ensalmos i esconxuros*.

27 “El alcoholismo y la droga se han incrementado en la sociedad española como consecuencia de un prurito de consumo fomentado desde arriba en contradicción constante con la mística oficial. El alcohol se anuncia efectivamente a través de un *mass media* tan sagrado como la televisión, y si la droga es perseguida, se nos induce en cambio, por la publicidad consumista, a unas formas de ocio y una creación de ambientes en que la droga ha de ser flor inevitable antes o después”, F. Umbral, “La sociedad española en 1976”, en R. Tamames (dir.) *Anuario económico y social de España 1977*, Planeta, Barcelona, 1977, páxs. 86-87.

La falta de control, la desinhibición, el aumento de la agresividad provocados por el alcohol, pueden ser causa de una serie de problemas familiares y sociales y de accidentes laborales

P1²⁸.- “Aquel mismo día leváronme para Santiago. Entrei, miráronme, preguntáronme si bebía e eu díxenlles que si, que efectivamente que bebía. Entón, dende que entrei pa dentro empezaronme a mirar e empeceime a poñer malo, e cada vez máis malo ata que cheguei ó extremo de que perdín o conocimiento. Perdín a vista, e ingresaronme e me botei tres ou catro días sin conocimiento, e cando recuperei o conocimiento fixeronme moitos reconocimientos, ata que a última hora chegaron a conclusión de que era co alcohol. Estiven completamente trastornado, estiven amarrado, nunca pensei que me fixera tanto daño”.

P8.- “Me llevaron al sanatorio y a los 15 días de estar en el sanatorio me dió un ataque y le pegué a los doctores. Después me tuvieron amarrado hasta que me curaron. Estuve sin conocimiento unos cinco o seis días, con mi familia allí, porque sin mi familia no me dejaban estar a mi solo. Veía cosas raras por el pasillo (...) cogí un “conejo” lleno de agua para que el primero que pasara por el pasillo tirárselo a la cara.

Paciente 9º (P9).- “Estaba yo sentado encima de un carro de abono y me mareé y entonces me fui para casa y me tumbé en la cama. Despois a cada paso, aínda me puxen máis mal, ata que foron a buscar ó médico e o médico deume un tratamento pero non me apetecía. E empecei a ver bichos, vin ratóns grandísimos, (...) pola ventana, e outros debaixo do ropero, e despois saín cunha forcada e a pouco máis doulle á muller. E despois foi cando me levaron para ó hospital.

(VO).- Una gran parte de los delitos de sangre se cometen bajo los efectos de las bebidas alcohólicas. La ingestión de alcohol durante las horas de trabajo provoca un 15 % de los accidentes laborales registrados. Un 25 % de los suicidios tienen como causa directa un problema de alcoholismo. El 35 % de los accidentes de automóvil se producen por encontrarse los conductores bajo los efectos de una excesiva ingesta de bebida. El problema del alcoholismo es grave, pero la sociedad no parece darse cuenta de ello, olvidándose de las 8000 muertes que se producen anualmente en España por esta causa. El problema no es solamente médico, es el problema de toda una sociedad irresponsable frente a ese hecho. Si el alcohol produce tantos estragos ¿por qué ha sido siempre tan elevado su consumo? ¿Quiénes favorecen su difusión? ¿Quiénes se benefician de ello?²⁹.

P3.- “¿Sacar beneficio? Los que se benefician del alcohol pues son los productores de él, porque para eso pagan. Así tienen los millones que tienen y claro, a fuerza de ir envenenando poco a poco a la gente, ellos crecen y nosotros vamos perdiendo la salud poco a poco. Algunos vamos tirando con la poca vida que tenemos y, en fin...”

P7³⁰.-“Pues sin beber, puedo decir que llevo desde el 25 de noviembre del año 1976. Ahora me pusieron un tratamiento y voy estupendamente, puedo decir que recapitado [sic] del todo.

P8.- “Ahora hace tanto tiempo, como tres años. Pero en vista de que no bebo, pues me ha fastidiado el alcohol el hígado y me quedaron unos mareos por las mañanas, que dicen es de la tensión muy baja”.

28 Coa testemuña deste enfermo comeza a parte que denominamos *o clímax*. Nela os entrevistados falan do “delirium tremens” que sufriron. O narrador cinematográfico introduce, eiquí, as consecuencias sociais da enfermidade: violencia, accidentes laborais e de tráfico, suicidios. P3 resume o enfrontamento individuo/sociedade provocado polo alcohol.

29 Antes de rematar este bloque, Soler volve mostrar novamente publicidade de bebidas alcohólicas, en paneis, nas paredes, nos laterais de camións de reparto (Espléndido Garvey, Ponche Cuesta, Ponche Caballero, viño Campoviejo, viño Savin, cervexa Estrella de Galicia, e whisky DYC).

30 Chega o momento, agora, de entrar en aspectos menos pesimistas. Coas palabras deste enfermo comezan as testemuñas sobre as tentativas da *recuperación* (estamos noutro bloque temático dentro do filme), da volta á normalidade.

P4.- “Llevaré unos 28 días ahora, desde que dejé de beber me encuentro bastante bien y creo que puedo salir de esto. Con el medicamento que me están dando y todo, hasta el momento procuro no tocarle más al vino”.

P5.- “Llevo casi un año sin beber. Estoy trabajando. Tengo muchas más posibilidades con el trabajo, con toda la gente que me rodea, y espero, pues, tener a los niños conmigo, si Dios quiere y sijo así”.

P3.- “Bien. Pues precisamente llevo dos años sin tocar el alcohol y me encuentro muy bien”.

P9.- “Nunca pensé que me perjudicara, si no, no hubiera bebido tanto de repente como he bebido. Ahora, como comprendí que me perjudicaba lo tuve que dejar para siempre, porque he visto muchos, muchos que por no dejar de beber volvieron atrás. Yo me sacrifiqué en dejar de beber, y me siento orgulloso por ello, y cada vez más porque veo que es un perjuicio para mí. Ahora, sí es mucho, mucho el sacrificio que hay que hacer para dejar el alcohol así repentinamente. Yo lo he dejado y estoy muy, muy contento por haberlo dejado”.

P6.- “Dejar de beber cuesta mucho, a mí me ha costado mucho esfuerzo, principalmente los primeros meses porque es una cosa que hay que tener mucha fuerza de voluntad y gente que ayude, principalmente los familiares y amijos. Todo influye, pero principalmente la familia”.

P5.- “Es difícil dejar de beber pero no imposible. Lo que hay que hacer es pensar en el trabajo, en la familia, en los hijos y después tomar el tratamiento, claro”³¹.

(VO)³² El tratamiento médico es un elemento de ayuda del que el enfermo alcohólico puede disponer sobre todo cuando la enfermedad le ha ocasionado trastornos orgánicos. Es en todo caso una solución individual aplicada sólo a aquellos enfermos que llegan a ser tratados. Estará en un error quien crea que una receta médica soluciona ni tan siquiera el problema individual. Es imprescindible la decisión del individuo de dejar totalmente la bebida. Ciertamente algunos casos podrán curarse, pero la sociedad seguirá enferma y el alcoholismo presente. ¿A dónde conduce la actuación del hombre solo frente a su enfermedad? A una solución sin salida ni perspectivas, si el alcoholismo es una enfermedad social su curación requiere acciones colectivas, el apoyo de un hombre en otros hombres, de los enfermos en sus semejantes.

Voz de muller.- “Mi marido aquí tomaba un poco de, bueno, en fin, alcohol, un día un poco más, otro día un poco menos. Que trabajaba y, claro, comer comía muy poco ¿comprende? Solamente tomar alcohol y beber y beber y cada vez...”.

(VO).- Las reuniones periódicas, a las que asisten los enfermos que acuden voluntariamente a las sesiones de terapia de grupo ayudan a mantener entre ellos una actividad individual de lucha frente a su problema personal. Pero tampoco es esta la solución definitiva para hacer desaparecer la enfermedad. En todo caso es una solución que se limita al reducido núcleo de enfermos tratados en los hospitales, pero la sociedad exterior seguirá ajena al problema.

Voz de home.- “Me puse a mirar la televisión y había dos televisiones. Me salí a la puerta y venía un coche por la carretera y yo veía dos”.

Otra voz de muller.- “Le decía: mira Alfonso, mira. Esto ponlo allí, –por ejemplo el tabaco– ponlo allí...me cago allí, porque me cago allá por...en fin, siempre nervioso, siempre nervioso, bueno, una cosa increíble pero ahora no, gracias a Dios. Desde que está sin tomar alcohol, hace año y pico estamos encantados”.

31 Queda claro que é precisa a conxunción de vontade individual de loitar contra a enfermidade, de axuda terapéutica e de apoio do entorno.

32 Ata agora a película discorría a través de persoas que falaban directamente á cámara. Soler fai que neste momento a cámara percorra unha sala do Hospital Xeral onde está a ter lugar unha terapia de grupo. Estas imaxes que comentamos constitúen o derradeiro bloque, que se pode chamar a *convalecencia*. Nas sesións de terapia filmadas aparecen varios dos pacientes coñecidos.

(VO)³³ La solución al problema del alcohol no depende solamente de la voluntad de una serie de enfermos decididos a abandonar la bebida, ni tan siquiera corresponde a los médicos, porque ¿qué va a encontrar a su alrededor el alcohólico recuperado cuando se reintegre a la sociedad? Las mismas condiciones de trabajo excesivo, la misma insolidaridad, las mismas dificultades para el desarrollo de su personalidad y, además, la agresividad constante de una sociedad consumista que le induce a consumir alcohol como cualquier producto inocuo. Nada se consigue rehabilitando a un alcohólico para relanzarlo a una sociedad enferma, a un sistema social que después de crear estos enfermos les utiliza en beneficio propio y, finalmente, los margina considerándolos unos degenerados. La solución exige la cooperación de todos los individuos. Solo una actitud colectiva frente al problema del alcohol podría hacer desaparecer la enfermedad. Solo un conocimiento claro de sus orígenes y de sus causas preservará al hombre de esta agresión. Es toda la sociedad unida la que debe decir NO a unos esquemas impuestos, que acabarán por aniquilar a sus individuos.

3. *ESPERANZA*

Realizada en 1986 é a segunda obra en formato profesional do seu director, Chano Piñeiro (1954-1995). Dous anos antes, *Mamasunción* convertérase no primeiro éxito internacional do cinema galego³⁴.

Sobre *Esperanza* existen varias testemuñas³⁵ que, en certa medida, compensan a imposibilidade, agora, da versión directa do seu director. A estrea tivo lugar en Vigo en pase semipúblico, no auditorio de Caixa de Aforros da cidade, o día 24 de xullo de 1986, segundo a reseña do acto, en *Faro de Vigo* do 25 de xullo de 1986, páx. 169. Paradoxalmente nese mesmo lugar os editores do xornal inclúen publicidade do cava Freixenet, porque “Vigo es una fiesta”³⁶.

33 Como no inicio do documental, o director recolle nun “collage” moitas das impresións visuais que foron manifestadas anteriormente. Publicidade estática, móbil, rúa do Franco, en Santiago, para, no final, presentar planos dun camposanto e duns cadaleitos. Esto sería a *conclusión*.

34 Anteriormente, e en formato S8, realizara dúas cintas, *Os paxaros morren no aire* (1977) e *Eu, o tolo*, (1979), que non sería estreada oficialmente ata marzo de 1982. Entre 1980 e a data da estrea, Piñeiro e o seu colaborador Pablo Barreiro (músico e técnico de son) foron por distintas vilas da nosa comunidade proxectando esta cinta ó estilo dos exhibidores ambulantes.

35 V.J.A. Perozo, “Chano Piñeiro. La historia de una esperanza” en *Faro de Vigo/Don Domingo* nº 29, 3 de agosto de 1986, páxs. 16-19; J.A. Coira, “Chano Piñeiro, director: Para mín, facer cine é voar”, *El Correo Gallego*, 4 de febreiro de 1987, páx. 39; “Esperanza” en Universidade de Santiago de Compostela (ed.), *Aula de Cine. Memoria de Actividades 1988-1989*, Santiago, 1989, páxs. 112-116; C. Piñeiro, *A luz dun soño e outros textos de cine*. Betanzos, CGAI, 1995, páxs. 29-32; X. Acuña, *Unha historia do cinema galego. Chano Piñeiro*. Vigo, Do Cumio, 1999, páxs. 111-115; F. Rozados, *Chano Piñeiro*. A Estrada, Fervenza, 2003, páx. 42.

36 O paradoxo vai á extrema, porque unha das preguntas do xornalista R. G. Machuca ó director é: “La obra se centra en el problema del alcoholismo ¿por qué este tema?”, á que responde Piñeiro que unha conversa cun especialista en alcoholismo espertou o seu interese polo asunto; logo, asistiu a unha terapia de rehabilitación, e quedara impresionado polo esforzo dos que loitan por saír da dependencia, polo que sentiu “la necesidad de contar una historia; una historia que inventé sobre la base de esa experiencia realizada”. Noutro rexistro, en *Mamasunción*, Piñeiro retrataba no personaxe de Farria (interpretado polo actor Antón Casal) un bébedo traxicómico. En entrevista no día 6 de abril de 2004, Xosé Manuel Oliveira “Pico”, contounos que él e máis Rosa Álvarez, a protagonista, asistiron con Piñeiro a unha sesión de terapia de grupo, coa finalidade de ter un mínimo coñecemento do problema que a cinta

3.1. O filme³⁷

3.1.1. A súa orixe e produción

Marcado polos signos ruralistas de *Mamasunción*, a finais de 1985, Chano Piñeiro comeza a pensar nun filme urbano, no que o alcoholismo³⁸ vai ter un papel preponderante. A súa intención era tocar un tema de fonda raizame no noso país, neste caso o do alcoholismo, nunha grande cidade. En ámbalas dúas obras o autor trascende o ámbito xeográfico dándolle ós temas centrais unha proxección universal.

O financiamento foi cuberto polo Concello de Vigo (daquela con maioría socialista), sen ningún tipo de atrancos, tanto na materialización do guión como na súa concreción, na rodaxe, xeira para a que a institución deulle ó cineasta todo tipo de facilidades.

3.1.2. A historia

A través da visión dun neno, Manoliño, fillo dun alcohólico, a película mostra a loita de Salvador por deixa-la bebida, e tamén as consecuencias que tal situación orixina na súa familia.

3.1.3. O desenvolvemento da narración³⁹

Os créditos do filme abren sobre un fondo de debuxos infantís, nos que queda patente o punto de vista de Manoliño sobre o barrio no que vive. A súa interpretación mostra edificios-colmea, automóviles... Non hai persoas.

Piñeiro escolle para a primeira imaxe da secuencia inicial un *travelling* de achegamento cara á mesa presidencial do convite da primeira comunión do neno. Estamos xa no final da sobremesa. Manoliño está no eixo do plano, e á súa esquerda Salvador, bébedo, fai coro cos seus amigos entoando unha cantiga de viño⁴⁰, mentres eles cantan, a faciana de Esperanza e maila do neno manteñen unha seriedade un tanto paradoxal, que logo

enfrenta. Voltando á publicidade do xornal vigués, a extensión do anuncio ocupa 3/5 partes da páxina; a entrevista co gallo da estrea vai no resto, no que hai, asimismo, un recadro cunha foto de Chano Piñeiro. Na tarde noite do 25, segundo o periódico, a obra foi emitida pola TVG, (v. páx. 42 do exemplar dese día).

37 Traballamos sobre unha copia editada pola consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia, distribuída por Ophiusa, en 1991, pertencente ó fondo J.M. Coutinho e Castro da USC.

38 Piñeiro non desminte que a orixe da obra sexa unha preocupación “sociolóxica” propia. Agora ben, él cre que máis que un documental “es una historia de amor y el reflejo de unas gentes que luchan por la vida”, en J.A. Perozo, *cit.*, páx. 19(2); “Esperanza”, en principio es un giro de 180 grados [con relación a *Mamasunción*]. Es una película urbana, agresiva, con puntos de fuga centrales, agobiantes, con decorados voluntariamente feos...”, *Ibid.*, páx. 19(3).

39 Chano Piñeiro escolleu para a parella do matrimonio protagonista a dous actores de teatro. X.M. Oliveira xa participara nas dúas primeiras obras do director, *Os paxaros morren no aire e Eu, o tolo*, posto que Piñeiro trabara relación co grupo compostelán “Ditea”, ó que estaba vencellado Oliveira, quen non puido intervir en *Mamasunción*, xa que no momento da súa rodaxe estaba fóra de Galicia, en Nova York (entr. cit.).

40 “Fun, fun e peteiche na porta non me quixeches abrir (...) eu traio unha borracheira, de viño, que auga non bebo. Mira, mira Maruxiña, mira como veño”.

chega á crispación, cando serven o cava⁴¹. Por outra banda, Piñeiro abandoa por un momento a acción principal para presentar un plano dun camareiro que engole restos dunha botella de viño que antes retirara da mesa. Queda apuntado, pois, o primeiro enfrontamento familiar que terá continuidade na despedida da festa cando a familia vai retornar á casa no seu utilitario. Esperanza, como Salvador está bébedo, pretende evitar que conduza –é a primeira vez que a vemos falar–, e a resposta do seu home é desafiantemente⁴².

Ó día seguinte, a actitude de Salvador apunta novos datos: nun primeiro plano, Chano mostra as súas mans que treman cando tenta prender un pitillo; logo, despois de deixa-los nenos na porta da escola, entra nunha taberna onde toma dúas copas de augardente⁴³.

Nun descanso da súa xornada de traballo (mantemento das farolas urbanas), Salvador e os seus compañeiros pasan o tempo na taberna: a cuadrilla xoga cunha máquina tragaperras mentres que o protagonista, un tanto aillado, segue a beber.

Chegada a hora do xantar e sentada á mesa a familia, prodúcese un novo enfrontamento entre a parella, e o home abandoa a mesa para ir buscar unha botella de viño “Viñalar”⁴⁴. Á feble recriminación da súa dona, “Onte dixeches que ías deixalo”, a reacción do protagonista e máis violenta que a comentada anteriormente: “Cago en diola, estades todos contra min!”. Nesa noite, cando Salvador regresa ó fogar, Esperanza plantexalle nidiamente a situación: a bebida ou a familia. A partir de este momento, os debuxos⁴⁵ de Manoliño abandonan a temática do barrio, para concretarse no seu problema familiar: interior dun bar, fronte á barra un home pide ó taberneiro máis. A continuación, Piñeiro reconstrúe a escena en dous espazos: en primeiro lugar no descampado onde xogan os nenos –Manoliño/Salvador reproduce o debuxo pedindo á nena/taberneira un “cuba” de ron. Seguidamente, tras corte con encabalgamento sonoro, o pai acodado na

41 Salvador enche catro copas das que lle ofrece unha ó neno; ó reixear a bebida, o pai deita o contido da copa por riba do fillo.

42 -*Salvador non leves ti o coche, que non estás en condicións...*

-*¿Quién eu? Saca de ahí... veña, sube.*

-*Deixa que o leve outro.*

-*Mira, se quieres subir subes, senón quedas ahí.*

Anteriormente o espectador xa tivera outros indicios do que sucede. Cando Manoliño vai ó baño a secarse e peitearse, despois da “bautizo” co cava, a súa amiga lle pregunta, *¿Qué lle pasa a teu pai?*, e o neno responde, *Nada, cousas de maiores.*

43 O protagonista, sen agardar que os rapaces entren na escola, diríxese á taberna máis próxima. Un primeiro plano do rostro do fillo antes de incorporarse á clase, deixa claro que o rapaz non é inocente. Por outra banda, o feito de que a taberneira lle sirva mecanicamente redunda na idea de que é algo habitual.

44 Recordemos que, oito anos antes, L. Soler reproducía en varias ocasións en *Condenados a beber*; imaxes dese viño de mesa moi popular, xunto con outras marcas como Savin ou Coes, nas décadas dos setenta e dos oitenta do pasado século.

45 Posto que Piñeiro escolle para “narrar” a súa historia a visión dun neno, non é desacertada a inclusión, en diversos momentos do relato, dos debuxos de Manoliño. Desá maneira, cunha puntuación diexética, os espectadores teñen unha valiosa información. Poida que haxa algunha relación cos debuxos infantís que serven de pano de fondo ós créditos do filme de 1973, *El espíritu de la colmena*, feitos polas nenas que interveñen na obra de Erice, ou mesmo cos debuxos infantís que aparecen en *Condenados a beber*.

barra dun bar pide “outro cuba de ron”. Neste fragmento a mirada do rapaz é máis comprometida. Xa non é a dun observador aseptico, senón a dun afectado en tanto que é consciente de que “o problema” do seu pai é público. Por unha parte, o boticario do barrio bóttallo en cara a Salvador e, por outra, un mozo fai burla do neno mentres xoga ós taberneiros coa súa amiga⁴⁶. Manuel, tras ser golpeado polo mozo ó que se enfrontou, xa na casa, e por vez primeira, fala sen reservas co seu pai.

- Pelexei cun rapaz
- ¿E por qué?, ¿qué lle fixeches?
- Dixo que meu pai era un borracho.

Podemos dicir que, a partir dese momento, o filme vai cara ó seu climax⁴⁷. En montaxe paralela, o pai está bebendo no bar⁴⁸; Manoliño, na súa cama, debuxa; Esperanza, cose. Na noite, Salvador, antes de deitarse, responde á mirada da súa muller lanzando contra un espello o retrato de voda. A ruptura familiar é inminente. O día seguinte, ó espertar, non atopa na casa nin a muller, nin o fillo.

O protagonista, logo, parece que decide deixar a bebida⁴⁹. Baixo a síndrome de abstinencia, ten un pequeno accidente laboral, e na consulta do médico recoñece o seu problema⁵⁰, e acepta a súa axuda: seguir un tratamento, e asistir a unha terapia de apoio.

Un debuxo de Mañolino, con elementos rurais, antecede á chegada de Salvador á casa da aldea, onde marchou a súa familia. Despois da conversa coa súa muller, da que Piñeiro só deixa escoitar a verba final, “xúrocho”, a familia regresa a Vigo.

Nun plano secuencia, o director reproduce unha sesión de terapia⁵¹. Nela, Salvador explica o seu caso, e comenta que lle daban “sopas de cabalo cansado”, cando era neno. Estamos, pois, na situación repetidamente denunciada, tanto por Soler, como documentada nos traballos sobre o alcoholismo en Galicia.

Os derradeiros planos –pasou un ano desde a primeira comunión– mostran ó seu fillo e ós espectadores un Salvador que non foi quen de superar a súa adicción, que

46 Cando Salvador sae do bar co segundo “cuba” na man tropeza coa moto que conduce un adolescente ‘bravucón’ quen, seguidamente, no descampado onde xogan os nenos increpa a Manuel... “¿Qué? ¿facéndolle a competencia ó teu pai?”.

47 Temos que sinalar, non obstante, que unha secuencia pouco afortunada, como é a do intento de suicidio de Salvador deitado nas vías do tren, rompe a progresión dramática.

48 Xusto antes de que entre no bar escoitamos unha voz de muller (procedente, quizais, da televisión do local) que dí “Corazón, o brandy dos homes fortes, a alegría de vivir. Non hai problema sen solución, co brandy Corazón”.

49 Salvador non entra na taberna, xunto á escola, (onde pola mañán vai levar á amiga do seu fillo), nin bebe alcohol, cando cos compañeiros de traballo está nun bar, no momento do “bocata”.

50 Dille que comezou a beber ós 14 anos, e dende aquela non foi capaz de deixalo.

51 “Asistí durante máis de dos meses a las terapias de grupos de alcohólicos...” Basándome en las diferentes problemáticas que allí escuché, decidí inventar una historia que condensara lo que era común a la mayoría. A pesar de que cada caso es el resultado de una infancia, de una cultura, de una familia, de un entorno social, de un trabajo... que los lleva al alcohol. Aristócratas, obreros, funcionarios, burgueses, jóvenes o ancianos, hombres o mujeres... cada uno de ellos justificaría una película diferente” (Piñeiro, no programa de man da película).

camiña cara ó descampado detrás da súa vivenda, mentras pasa por diante dun panel publicitario, que anuncia “tu superverano Gordons”. Sobre un primeiro plano dos nenos que o director conxela, segue un fundido a negro, que introduce o seguinte corolario: “Qué amargo é ter que beber as propias bagoas.”

4. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Lorenzo Lago e Carrera Machado, mencionados con anterioridade, dan as seguintes porcentaxes da enfermidade para Galicia, a partir da segunda metade do século pasado:

Anos 50: 6-7% da poboación

Anos 70: 12 %

Anos 80: 10-12 %

Dos anos 90 non ofrecen porcentaxe, se ben sinalan que detectan unha diminución do consumo de risco e unha modificación nos patróns das condutas alcohólicas⁵².

Os anos transcorridos dende a primeira obra mostran que a toma de conciencia do problema por parte das distintas clases sociais galegas, e máis particularmente pola clase política, non produce resultados tendentes a unha significativa diminución do consumo excesivo de alcohol, do que son mostras máis que evidentes as seguintes informacións (as derradeiras deste mesmo ano) tomadas aleatoriamente de dous xornais galegos:

- “El alcoholismo es la primera lacra social de Galicia, ya que domina a 300.000 personas”⁵³ (*La Voz de Galicia*, 12 de marzo de 1989, páx. 126).
- “El área sanitaria de Santiago es una de las de máximo riesgo por consumo de drogas⁵⁴” (Idem, 28 de marzo de 2004, páx. 3 da edición local).
- “Alcohol y drogas, presentes en cuatro de cada diez muertes de conductores” (*El Correo Gallego*, 8 de abril de 2004, páx. 16).

52 Hai dous tipos de bebedores “(...) el patrón de riesgo tradicional (varón, mayor de 40, bebe con la comida, predominantemente rural) y el nuevo patrón de riesgo: Muestra una unificación intersexual de las pautas de consumo excesivas, un consumo fundamentalmente de fines de semana, bebidas de alta graduación y/o cerveza, predominio urbano, y son más jóvenes y, frecuentemente, asociado a fenómenos de policonsumo de otras sustancias”, A. Lorenzo Lago, e I. Carrera Machado, “Las Estrategias de reducción del daño en alcoholismo”, *cit.* páxs. 296-297.

53 A información recolle un estudo que reflicte que “en bebidas se gasta el doble de la media española y el 65 por ciento de los menores de 14 años las consume de forma regular.”

54 “Los datos más preocupantes son el elevado índice de bebedores abusivos y el consumo de tranquilizantes”. O artigo da un 7,3 % de bebedores abusivos por 1000 habitantes para Compostela o que a sitúa por riba da taxa galega que é dun 5,2 segundo o xornal. Noutro contexto, nunha mostra aleatoria realizada sobre *El País Semanal* nº 1417, de 23 de novembro de 2003, obtemos que, de 25 anuncios contabilizados, 13 son de diferentes bebidas alcohólicas. Na Unión Europea, nos derradeiros anos, as marcas alcohólicas están obrigadas a introducir advertencias da perigosidade dos seus produtos. Pero mentras en Francia o aviso é que *L’abus d’alcool est dangereux pour la santé, sachez apprécier et consommer avec modération*, en España é máis “telegráfico”: *Bebe con moderación, es tu responsabilidad*.

Apéndice⁵⁵

Condenados a beber/Alcoholismo en Galicia

Produción, Llorenç Soler para Cáritas Diocesana de Santiago.

Dirección e montaxe, Mireia Pigrau e L. Soler. Guión e cámara, L. Soler. Son, M. Pigrau. Montaxe, L. Soler e M. Pigrau. Colaboración, Departamento de Psiquiatría do Hospital Xeral de Santiago. Voz en off, Joaquín Muñoz. Asesor médico: dr. Carlos Borrás. Grafismo, Alberto Ripoll.

Intérpretes: Pacientes e familiares da UTA do Hospital Xeral de Santiago. Formato, 16 mm. Duración, 30 min. Ano de produción, 1978.

Esperanza

Produción, Producións Cinematográficas Piñeiro e Concello de Vigo.

Dirección, Chano Piñeiro. Guión, C. Piñeiro. Fotografía, Javier G. Salmones. Son, Pablo Barreiro. Música, P. Barreiro, Pablo Juncal, Plácido Montenegro, Antonio Bouzón, Xosé Ramón Pazos. Montaxe, Luís María del Valle, Cristina Otero

Intérpretes: Rosa Alvarez (Esperanza); Xosé Manuel Olveira “Pico” (Salvador); Diego Montes (Manoliño); Graciela Ramilo (Rosina); Ricardo Álvarez, Vicente Montoto, Manuel Lourenzo, Ernesto Chao, Antón Reixa. Formato, 35 mm. Duración, 33 min. Ano de produción, 1986.

55 Seguen as fichas técnicas, abreviadas, das dúas obras, tomadas, respectivamente, de *Llorenç Soler, dunha beira a outra*, cit., pág. 45, e de *Filmografía galega. Curtametraxes*, Xunta de Galicia, Vilagarcía de Arousa, 2002, pág. 134.

Normas para a presentación de traballos a
SEMATA, *Ciencias Sociais e Humanidades*

Semata é unha revista interdisciplinar, de periodicidade anual, que publica traballos orixinais de investigación sobre calquera das especialidades relativas ó campo das Ciencias Sociais e das Humanidades. Os números da revista teñen un carácter monográfico e rotatorio entre as áreas de Xeografía, Historia e Historia da Arte. O Consello de Redacción fai unha programación bianual na que se escollen entre as propostas presentadas os temas e o/a coordinador/a dos dous próximos volumes. Cada traballo será lido polo coordinador/a científico/a do número, que contará co asesoramento dun grupo de censores doutras universidades de recoñecido prestixio no tema monográfico en cuestión, os cales emitirán informes confidenciais, aínda que a responsabilidade final para a súa aceptación correrá a cargo da Dirección e do Consello de Redacción. Os traballos que non se atean estritamente ás normas que se indican a continuación serán devoltos ós autores, para a súa corrección, antes de seren revisados polo/a coordinador/a e asesores/as.

Textos

As persoas interesadas en enviaren artigos para a súa publicación deberanse ater ás seguintes normas:

- 1) Os traballos serán inéditos e versarán sobre aspectos relacionados co tema monográfico do número.
- 2) Aceptaranse traballos escritos en galego, castelán, portugués, catalán, francés, italiano, inglés ou alemán.
- 3) De cada traballo presentaranse dúas copias impresas e unha copia en “disquete”. Neste rotularase o nome do(s) autor(es), o título completo do seu traballo, o procesador de textos utilizado e a versión do mesmo. Poderá usarse calquera das versións dos procesadores WORD ou WORD PERFECT para o sistema MS-DOS ou WINDOWS, ou ben para o sistema operativo do ordenador Apple-Macintosh.
- 4) A extensión máxima do traballo impreso será de 20/25 páxinas, a espacio e medio e por unha soa cara, en papel de formato DIN-A4. Estas cifras están calculadas sobre a base de que cada páxina teña ó redor de 2.100 caracteres (30 liñas de 70 caracteres). O título do traballo, o texto, as notas no pé da páxina e a bibliografía –se a hai– escribíranse con letra de corpo 12; as citas con parágrafo á parte e sangrado escribíranse con letra de corpo 10.
- 5) Os artigos deberán ir encabezados da seguinte maneira:
 - título do artigo: centrado, con maiúscula grosa de corpo 12;
 - nome e apelidos do/a autor/a: debaixo do título, centrado, con minúscula fina de corpo 10;
 - universidade (ou centro) á que pertence o/a autor/a: debaixo do nome, centrado, con minúscula fina de corpo 10;
 - breve resumo do artigo: de extensión non superior a 150 palabras (non máis de 10 liñas). Deberá ser conciso, informativo e intelixible, indicando as motivacións e os principais resultados e conclusión do traballo;
 - palabras clave (máximo de cinco) do artigo;
 - tradución do resumo ó inglés (*abstract*);
 - tradución das palabras clave ó inglés (*keywords*)
- 6) As citas curtas que non superen as tres liñas situaranse entre comiñas dobres no texto principal e levarán letra fina (nunca cursiva) de corpo 12. As citas máis longas colocaranse en

parágrafo á parte, con sangría pola esquerda, con letra de corpo 10 e, se se desexa, tamén con comiñas dobres. Unha cita dentro doutra cita marcarase con comiñas simples.

- 7) As notas no pé de páxina compoñeranse coa opción específica do procesador de texto.
- 8) A sangría da primeira liña dos parágrafos, tanto no texto como en notas no pé, farase coa opción específica do menú formato ou deseño de parágrafo; nunca se usará para este fin a barra espaciadora nin a tecla de tabulación.
- 9) Se se pon a bibliografía citada ó final do traballo, recoméndase que sempre que sexa posible se eviten as notas no pé da páxina, de tal maneira que as referencias se introduzan entre paréntese dentro do propio texto e de acordo con algún dos seguintes dous sistemas:

A) (Bouhier, 1979, I, p. 40)

B) (Bouhier, 1979: I, 40)

Ás veces os nomes dos autores citados poderán ir dentro do propio texto, e non entre paréntese. Véxanse estes exemplos:

A) Como xa sinalou Bianchi Bandinelli, 1981, p. 174, na época helenística...

B) Como xa sinalou Bianchi Bandinelli (1981: 174), na época helenística...

- 10) Se non se pon a bibliografía citada ó final do artigo, darase sempre a referencia bibliográfica completa na primeira ocorrencia da cada traballo que se cite en nota a pé de páxina seguindo un destes dous sistemas:

A) A. Bouhier, *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*, I, La Roche-sur-Yon, 1979, p. 40.

B) A. Bouhier, (1979): *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*, I, La Roche-sur-Yon, p. 40.

- 11) Logo da súa primeira aparición, os traballos que se volvan citar en nota no pé da páxina empregarán fórmulas do tipo de op. cit., ibidem, idem. Se, pola contra, se elixiu a fórmula de bibliografía citada ó final do traballo, usarase algún dos dous sistemas que se propoñen na norma 9.
- 12) En todo caso, sexa cal sexa o sistema de notas que se empregue, procédase sempre de maneira clara, coherente e sistemática.
- 13) No caso de que se elixise a fórmula de bibliografía ó final do traballo, recomendamos que esta sexa encabezada pola palabra **Bibliografía** en letra grosa e centrada e que na relación de obras se siga a orde alfabética, empregando sempre letra minúscula.

As fichas bibliográficas dos libros, artigos de revista ou colaboracións integradas en obras colectivas compoñeranse seguindo algún dos seguintes sistemas:

A) Bouhier, A., *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*, I-II, La Roche-sur-Yon. 1979.

Acuña Castroviejo, F., "A arqueoloxía na obra de López Ferreiro", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXII, 96-97, 1981, pp. 57-80.

Escribano, V., "El priscilianismo y *Gallaecia* (ss. IV y V). Apéndice: El debate en torno al priscilianismo", in M. V. García Quintela (coord.), *Las religiones en la historia de Galicia*, Santiago, 1996, pp. 251-294 (*Semata*, 7-8).

Herbers, K., "The Miracles of St. James", in J. Williams, A. Stones (eds.), *The Codex Calixtinus and the Shrine of St. James*, Tübingen, 1992, pp. 11-35.

- B) Bouhier, A. (1979): *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*, I-II, La Roche-sur-Yon.
- Acuña Castroviejo, F. (1981): "A arqueoloxía na obra de López Ferreiro", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXII, 96-97, pp. 57-80.
- Escribano, V. (1996): "El priscilianismo y *Gallaecia* (ss. IV y V). Apéndice: El debate en torno al priscilianismo", in M. V. García Quintela (coord.), *Las religiones en la historia de Galicia*, Santiago, pp. 251-294 (*Semata*, 7-8).
- Herbers, K. (1992): "The Miracles of St. James", in J. Williams, A. Stones (eds.). *The Codex Calixtinus and the Shrine of St. James*, Tübingen, pp. 11-35.

- 14) Os editores reservámo-lo dereito de facermos leves alteracións nos traballos recibidos coa única finalidade de corrixir erros mecánicos ou lingüísticos. Se as modificacións necesarias fosen considerables, consultarase co autor ou autores para pedirlle(s) a súa aprobación a tal efecto.

Táboas e cadros

Realizaranse a dobre espacio, sen liñas verticais e numerados consecutivamente con caracteres romanos, levarán un encabezamento conciso, así como as notas a pé que expliquen os símbolos utilizados e as aclaracións necesarias, colocándose en páxinas numeradas separadamente a continuación das referencias bibliográficas. Non superarán as 20 columnas, salvo casos excepcionais, autorizados polos editores. Faranse referencias a elas no texto (Táboa I, Táboa II, etc.), indicando onde se desexa a súa colocación.

Ilustracións

Os mapas, gráficos, debuxos, planos (sen enmarcar) e fotografías irán numerados consecutivamente en caracteres arábigos como: (Fig. 1, Fig. 2, etc.). En follá á parte farase constar unha relación numerada correlativamente, cos pés correspondentes. No caso do material histórico-artístico recoméndase que o pé sexa o máis completo posible, de xeito que se fagan constar datos como: autor, obra, edificio, lugar de localización e cronoloxía.

Debuxos. Realizaranse sobre papel branco de boa calidade.

Fotografías. Presentaranse en forma de diapositivas ou en papel con brillo e bo contraste. Faise especial fincapé na calidade dos orixinais que sexan presentados, reservándose en tódolos casos o Consello de Redacción a non publicación das que estime sen calidade suficiente.

No caso de **material gráfico dixitalizado** (presentado en disquete ou CD), os parámetros serán os seguintes:

Debuxos (planos, mapas, etc.): formato TIFF tendo en conta que o proceso de dixitalización ("escaneado") se fará en liña ou mapa de bits (nunca en escala de grises) e cunha resolución recomendada de entre 600 e 1200 puntos por polgada (ppi).

Fotografías: formato TIFF cunha resolución mínima de 150 puntos por polgada (ppi).

Probas e separatas

Probas. As probas seran revisadas coidadosamente polos autores, os cales efectuarán os cambios mínimos necesarios, corrixirán os erros de impresión e devolveranas no prazo dunha semana a partir da súa data de recepción. *O retraso na devolución das probas implicará a publicación do traballo sen as correccións do seu autor.*

Separatas. Suministraranse gratuitamente 25 separatas por cada artigo publicado.

O Consello de Redacción